

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

*RESOLUCIÓN do 21 de decembro de 2011 pola que se anuncia licitación mediante procedemento aberto da contratación administrativa especial para xestión da cafetería do Centro Galego de Arte Contemporánea.*

1. Entidade adxudicataria.

a) Organismo: Consellería de Cultura e Turismo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Xerencia do Centro Galego de Arte Contemporánea.

Enderezo: rúa Valle Inclán, 2, 15704 Santiago de Compostela.

Teléfono: 981 54 66 14, fax: 981 54 66 25.

2. Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: administrativo especial.

b) Descrición do obxecto: xestión do servizo de cafetería do CGAC.

3. Canon mínimo do contrato.

Importe: mil euros anuais (1.000,00 euros).

4. Prazo de vixencia: dous anos, prorrogable.

5. Fianzas:

Provisional: exenta.

Definitiva: mil euros (1.000,00 euros).

6. Clasificación do contratista: non se exige.

7. Presentación de propostas.

a) Lugar: Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, edificio San Caetano, 15711 Santiago de Compostela.

b) Prazo: comezará o día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG e terminará o décimo quinto día natural, ás catorce horas; se o último día fose inhábil prolongarase o prazo ata o día hábil seguinte.

c) Forma: os licitadores presentarán as súas propostas en tres sobres pechados e en cada un figurará o nome do licitador e o obxecto do contrato.

8. Documentación que presentarán os licitadores: os licitadores presentarán a documentación especificada nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.

9. Modelo de proposición económica: o que figura como anexo III no prego de cláusulas administrativas particulares.

10. Pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas: todos os interesados poderán consultalos na Xerencia do Centro Galego de Arte Contemporánea e así mesmo tamén se poderán obter os pregos relativos a esta contratación no seguinte enderezo da rede internet: <http://www.contratosdegalicia.es/resultado.jsp?N=17070>

11. Apertura de proposicións: terá lugar en acto público, na sala de xuntas da Consellería de Cultura e Turismo, ás 11.00 horas da data que será anunciada con tres días hábiles de antelación no perfil do contratante <http://www.contratosdegalicia.es/>.

12. Anuncios: os gastos orixinados pola publicación deste anuncio serán por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2011.

José Manuel Rey Pichel  
Director xeral de Patrimonio Cultural